

BASES PARA O CONCURSO DE POSTAIS NAVIDEÑAS

- 1.- Poderán participar todas as nenas e nenos, con idades comprendidas entre os 3 e os 14 anos, sexan usuarios da Piscina Municipal ou non.
- 2.- Cada participante poderá presentar un único traballo.
- 3.- Poderase aplicar a técnica que se desexe sobre cartulina, papel, etc. Preferiblemente non utilizar técnicas complexas ou en tres dimensións que resulte complicado reproducir.
- 4.- O tema da postal terá que estar relacionado co Nadal. Valorarase que inclúa unha mensaxe positiva relacionada ca natación, o deporte, ou a actividade física.
- 5.- Para a elección do gañador, o xurado valorará a orixinalidade, a creatividade amosada e a calidade técnica en función da idade do concursante.
- 6.- O tamaño da postal será do formato DIN A 5 (medio folio normal, 15 x 21 centímetros).
- 7.- Será condición indispensable que os traballos sexan orixinais e inéditos.
- 8.- Os traballos presentaranse na recepción da Piscina e Ximnasio Municipais no horario de apertura. O prazo de presentación vai do día 27 de novembro ata o 16 de decembro.
- 9.- As postais deberán presentarse debidamente identificadas e constará no seu reverso o nome e apelidos do autor, email e teléfono.
- 10.- O gañador ou gañadora recibirá un premio consistente nun lote de material deportivo.
- 11.- As postais presentadas poderán ser recollidas polos seus autores unha vez rematado o concurso, a excepción da postal elixida como gañadora que pasará a ser propiedade das instalacións municipais.
- 12.- A postal gañadora poderá ser utilizada por parte da Piscina e Ximnasio Municipais de Padrón, para felicitar o Nadal ós seus usuarios.
- 13.- O xurado estará formado polo persoal das instalacións.
- 14.- A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases.